

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Deportes

R.P. 2025/29603. Resolución de concesión definitiva do programa de subvencións F0103D/2025

ANUNCIO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA F0103D: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2025

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia número 23408 do 16 de maio de 2025, que foi publicada no BOP do 23 de maio de 2025, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria F0103D: Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2025, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e vistas as solicitudes de reformulación, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa F0103D: Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2025, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOC CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA OS ESCARAVELLOS CLUVE CICLISTA NIF: G70537410 Cod. Exp.: 2024000050316 Obxecto: I MARCHA CICLOTURISTA EUROVELO COMPOSTELA	23.000,00	0,6500	35.384,62

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELLA ESCOLA NIF: G36597714 Cod. Exp.: 2025000011611 Obxecto: ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BREAKING DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BAILE DEPORTIVO E DA PROGRAMACIÓN COMPLEMENTARIA ENMARCADA NO EVENTO COMPOSTELA STREET 2025	21.000,00	0,7306	28.743,50
Beneficiario: ASOCIACION SQUASH CLUB SANTIAGO NIF: G15487028 Cod. Exp.: 2025000014451 Obxecto: ORGANIZACIÓN DUN TORNEO PROFESIONAL FEMININO DE SQUASH DE ÁMBITO INTERNACIONAL, ENCADRADO NA CATEGORÍA COPPER	21.000,00	0,8000	26.250,00
Beneficiario: CLUB CICLISTA PADRONES NIF: G15031719 Cod. Exp.: 2025000003826 Obxecto: ORGANIZACION PROBA CICLISTA XII RUTAS XACOBAS-COPA DE ESPAÑA 2025	17.750,00	0,7547	23.519,28

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CLUB CICLISTA VILALBA AS PONTES NIF: G27269158 Cod. Exp.: 2025000012161 Obxecto: III CICLOCROSS LAGO DE AS PONTES-CAMPIONATO DE ESPAÑA	21.000,00	0,2709	77.519,38
Beneficiario: CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO NIF: G15783483 Cod. Exp.: 2025000009044 Obxecto: CELEBRACIÓN DO XXXIV CONCURSO HÍPICO NACIONAL TRES ESTRELAS - EQUIOCIO 2025	23.000,00	0,2136	107.677,90
Beneficiario: CLUB HERCULES XTRM NIF: G70404967 Cod. Exp.: 2025000013061 Obxecto: TRAVESIA COSTA EZARO 17ª ETAPA DE LA X COPA DE ESPAÑA DE AGUAS ABIERTAS	21.000,00	0,6086	34.505,42

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CLUB PRAIA DE PANTIN NIF: G70177910 Cod. Exp.: 2025000014163 Obxecto: CELEBRACIÓN DA 38ª EDICIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE SURF DA WORLD SURF LEAGUE "ABANCA PANTÍN CLASSIC GALICIA PRO"	25.000,00	0,2057	121.536,22
Beneficiario: CLUB RALLY CORUÑA NIF: G15822596 Cod. Exp.: 2025000008200 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE AUTOCROSS - 17º AUTOCROSS DE CARBALLO	21.000,00	0,4063	51.685,95
Beneficiario: CLUB RALLY TERRA DE GALICIA NIF: G75452979 Cod. Exp.: 2025000013049 Obxecto: RALLY TERRA DE GALICIA, CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RALLYS DE TERRA	21.000,00	0,1875	112.000,00
Beneficiario: CLUB RALLYE RIAS ALTAS NIF: G70511415 Cod. Exp.: 2025000000888 Obxecto: DESENROLO E ORGANIZACION DO RALLYE RIAS ALTAS HISTORICO 2025	17.750,00	0,4950	35.858,59
Beneficiario: CLUB UTMIC NIF: G70613476 Cod. Exp.: 2025000008057 Obxecto: V DESAFÍO INTERNACIONAL ECOCAMIÑO 50K	23.000,00	0,7743	29.704,25
Beneficiario: CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA NIF: G70306865 Cod. Exp.: 2025000013645 Obxecto: XACOBEO XIMNASIA RÍTMICA IV TORNEO INTERNACIONAL 2025	25.000,00	0,2941	85.005,10
Beneficiario: ESCUDERIA AUTOMOVILISTICA DEL FERROL NIF: G15115660 Cod. Exp.: 2025000000120 Obxecto: 56 Rallye de Ferrol	21.000,00	0,2803	74.919,73
Beneficiario: ESCUDERIA LA CORUÑA NIF: G15115058 Cod. Exp.: 2025000013073 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO 9 ECORALLYE A CORUÑA	21.000,00	0,4343	48.353,67

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ESCUDERIA PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO NIF: G15120462 Cod. Exp.: 2025000011225 Obxecto: 29 AUTOCROSS ARTEIXO - CAMPIONATO DE ESPAÑA DE AUTOCROSS 2025	17.750,00	0,8000	22.187,50
Beneficiario: FEDERACION DEPGALL.AUTOMOVILISMO CARBALLIÑO NIF: Q8255003I Cod. Exp.: 2025000013398 Obxecto: CARREIRA DE CAMPIÓNS AS PONTES	17.750,00	0,4762	37.274,25
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO NIF: G15103500 Cod. Exp.: 2025000008921 Obxecto: XXXVIII GRAN PREMIO INTERNACIONAL DE MARCHA ATLÉTICA CANTONES DA CORUÑA - TROFEO SERGIO VÁZQUEZ	23.000,00	0,3187	72.168,18

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE SURF NIF: G15565484 Cod. Exp.: 2025000014471 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SURF OPEN E LIGA PRO FESURFING - A CORUÑA KING AND QUEEN OF THE BAY	17.750,00	0,8000	22.187,50
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO NIF: G36690832 Cod. Exp.: 2025000014444 Obxecto: TORNEO NACIONAL DE BALONMÁN DEPUTACIÓN DA CORUÑA	21.000,00	0,7813	26.878,28
Beneficiario: OBRA ATLETICO RECREATIVA DE LA CIUDAD VIEJA OAR CIUDAD 1952 NIF: G15117179 Cod. Exp.: 2025000014500 Obxecto: CELEBRACIÓN FASE ASCENSO DIVISIÓN DE HONOR B BALONMÁN MASCULINO	17.750,00	0,8000	22.187,50
Beneficiario: OCR CERCEDA NIF: G70606322 Cod. Exp.: 2025000013181 Obxecto: ORGANIZACIÓN DA POSEIDON RACE 2025	21.000,00	0,5000	42.000,00

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: SAMURAI SPORT'S CLUB NIF: G70465794 Cod. Exp.: 2025000002106 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CARREIRAS DE OBSTÁCULOS - VIII EDICIÓN SAMURAI XTREME RACE E SAMURAI JUNIOR RACE	23.000,00	0,3937	58.420,12

Número de solicitudes concedidas: 23

Total concedido: 481.500,00 €.

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- No cumprimento das obrigas contables establecidas no apartado f) do artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvención e consonte ao previsto no artigo 6.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 185, do 25 de setembro de 2024) a entidade beneficiaria deberá incorporar necesariamente á Memoria da Conta xeral do exercicio un estado demostrativo de todos os gastos realizados e dos ingresos obtidos especificamente para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada, sexan de carácter público ou privado. Dita Memoria, xuntamente cos demais estados contables, deberá recibir a aprobación da asemblea ou órgano similar de representación.

Cuarto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Quinto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3411/481, fase A, operación número 220249001418, importe: 481.500,00 € .

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Sexto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO103D: Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2025, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ADC ENCESTARIAS NIF: G94126000 Cod. Exp.: 2025000014523 Obxecto: REALIZACIÓN DUN EVENTO DEPORTIVO CULTURAL EN FERROL O 5-6 DE SETEMBRO: ENCESTARÍAS FERROL. CONSISTENTE NUN TORNEO DE BALONCESTO 3x3, PARTIDO DE ELITE FEMININO E MASCULINO (LF E ACB) E CONCERTO DE FIN DE EVENTO	Incumple a base reguladora 2: o evento non está incluído no calendario de competicións oficiais

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ASOCIACION OS FAROS DA VIDA NIF: G44787554 Cod. Exp.: 2025000014227 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO III TRAIL RUTA DOS FAROS COSTA DA MORTE	Desistencia da solicitude
Solicitante: CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS NIF: G15226012 Cod. Exp.: 2025000013065 Obxecto: COMPETICIÓN LIGA E COPA 2026	Ter presentada a solicitude nun programa incorrecto
Solicitante: CLUB SALV-AR NIF: G70192190 Cod. Exp.: 2024000049791 Obxecto: Programa de formación e integración solidaria en salvamento deportivo	Incumpre a base específica 2: o evento non está incluído no calendario de competicións oficiais
Solicitante: ESCUDERIA LA CORUÑA NIF: G15115058 Cod. Exp.: 2024000048116 Obxecto: 8º EcoRally A Coruña	Desistencia da solicitude
Solicitante: FEDERACION TERRITORIAL GALLEGA DE BOXEO NIF: G15108996 Cod. Exp.: 2025000011491 Obxecto: ELIMINATORIA DO CAMPIONATO DE EUROPA DE PESOS PESADOS	Desistencia da solicitude

Sétimo.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, a 17 de xuño de 2025

O presidente,

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)

O secretario xeral,

Miguel Iglesias Martínez

(asinado dixitalmente)

2025/4006